



# CONFÉSOO, SON UN “DETURPADOR” DE TOPÓNIMOS

JOSÉ MANUEL POUSADA

Desde a aprobación da Constitución Española de 1978 e a subseguinte dos Estatutos de Autonomía, nos que se recoñeceu a cooficialidade co español de diferentes linguas faladas en España, tivemos que asistir a unha serie de disparates en materia de dereitos lingüísticos destinados a restrinxir de maneira abusiva e ilexítima o dereito dos cidadáns a utilizar a lingua da súa escolla e a ser atendidos nela, polo menos no ámbito oficial. Todo iso baixo o pretexto de que as medidas restrictivas do uso do español estaban destinadas á protección e o fomento das linguas cooficiais con él no territorio, asumíndose, de facto, que son as linguas os suxeitos dos dereitos lingüísticos, de xeito que os cidadáns



podemos ser postos por parte dos poderes públicos ao servizo delas. Os cidadáns convertémonos, pois, en obxectos, que non suxeitos, da regulación dos dereitos lingüísticos. Un verdadeiro dislate tanto desde o punto de vista xurídico como desde o punto de vista político.

Os abusos en materia de dereitos lingüísticos esténdense practicamente a todos os ámbitos da vida oficial, pero o caso da toponimia é, sen dúbida, particularmente rechamante. Con que nos atopamos? Pois cun primeiro dislate xurídico sen parangón: que desde os poderes públicos se pretende excluír do ámbito da oficialidade nun territorio os topónimos nunha lingua que é oficial nese territorio. O disparate non queda aí, senón que aí só comeza para, pouco a pouco, ir in crescendo ata acadar unha situación que podería calificarse como de delirio.

Nun primeiro estadio desta nada inocua para a saúde democrática “patoloxía” produciuse a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (LNL),

nada menos que por unanimidade do Parlamento autonómico. Nela establecíase a radical suspensión do estatus de oficialidade do español neste ámbito: a LNL dispón que os únicos topónimos oficiais de Galicia son os que están en galego; é dicir, que un parlamento se arroga a facultade de eliminar palabras dunha lingua oficial no ámbito oficial. Naturalmente esto non ocorre en país algún, xa que unha vez que unha lingua é recoñecida como oficial nun territorio, todos os topónimos nesa lingua pasan a ser, automaticamente, oficiais nese territorio. Quere dicir o anterior que todos os topónimos han de ter formas diferentes en cada lingua e que estas, ademais, han de ser literal tradución doutra máis antiga noutro idioma? En absoluto. Curiosamente hai amantes da imposición lingüística, filólogos algúns, que recorren ao “chascarrillo” afirmando que se se defende que determinados topónimos, usados tradicionalmente e por motivos históricos, teñan unha forma diferente en cada lingua, ten que aplicarse unha especie de regra de tres para todos os demais topóni-

# Kopenhagen

Finisterrae

mos. Tal vez descoñecen o que veu ocorrendo ao longo da Historia neste ámbito en diferentes e afastadas partes do mundo. Así, certos filólogos afirman que defender que sexa oficial o topónimo Ourense implicaría necesariamente defender que exista o topónimo El Puerrito referido á localidade pontevedresa denominada en galego O Porriño. Tamén afirman, que se en español un non quere usar o topónimo O Carballiño debería utilizar o topónimo El Roblecito e non Carballino, como desde hai tempo se ven facendo. É dicir, que, seguindo unha curiosa linearidade de pensamento, aplican automaticamente a regra de tres á resolución de problemas non lineares. Non me resisto a comentar un dlos “chascarrillos” máis utilizados polos “antideturdadores”. Semella que lles provoca hilaridade o feito de que nun lugar poida chamarse El Puerrito, El Roblecito o Bueymuerto; pero non lles parece igual de ridículo, de selo, que haxa lugares que se denominen O Porriño, O Carballiño ou Boimorto, cando se están referindo, tanto os nomes en español como os nomes en galego, aos

mesmos “conceptos”, sexan do reino animal ou vexetal. Tan ridículo, de selo, é o topónimo Feuerbach como o topónimo Arroio de Lume. E insisto en que non estou propoñendo que cando sexa tecnicamente posible a tradución literal dun topónimo dunha lingua a outra, esta teña que levarse a cabo necesariamente, senón que é algo que pode ocorrer e exemplos veremos. Estamos ante unha das principais características do nacionalismo organicista: a “lei do funil”.

A existencia de diferentes formas toponímicas para denominar un determinado lugar é algo moi estendido no mundo, pero en absoluto implica sempre unha tradución literal dunhas linguas a outras dos correspondentes topónimos, e moito menos de todos, aínda que en certas ocasións así sexa. Con frecuencia trátase de simples adaptacións fonéticas cando aos falantes dunha lingua lles resultaba complicado pronunciar o correspondente topónimo noutra lingua nla que xa existía o nome dese lugar. Naturalmente isto adoita afectar a lugares que necesitaban



ser frecuentemente nomeados polos falantes da lingua á que se facía a adaptación; por iso non adoita acontecer con nomes de localidades ou accidentes xeográficos cuxo nome non se necesitaba usar con frecuencia. Así, en español usamos a palabra Munich para referirnos á capital de Baviera, mentres que os xermanófonos utilizan a palabra *München* e os italófonos *Monaco, di Baviera*, para distinguilo do “outro” Mónaco, o dos Grimaldi. Porén, ninguén terá ouvido a alguén referirse en español a Ludwigshafen coma “Puerto Luis”, que sería a súa tradución. Non obstante, a capital de Dinamarca, Copenhague en español, é o resultado da adaptación a esta lingua do topónimo alemán, *Kopenhagen*, que, á súa vez, deriva do topónimo en danés *København*, evolución do anterior

*Købmandshavn*, e que ven a significar “porto dos mercadores”. É dicir, que os xermanófonos preferiron unha simple adaptación fonética, non unha tradución literal para eles sinxela (*Kaufmannhafen*), e os hispanófonos, como se dixo, fixeron unha adaptación fonética do topónimo en alemán. Pero estas prácticas son, segundo algúns, intolerables “deturpacións” toponímicas que atentan, non se sabe como, contra unha determinada lingua, se é que se pode atender contra unha lingua.



Chegados a este punto da nosa breve viaxe polo mundo deteñámonos en Colonia. Cal debería ser o seu “verdadeiro”, e non o seu perversamente “deturpado”, nome? Os xermanófonos denomínanla *Köln*, que en español significa... ¡Colonia! Pero trátase realmente dunha tradución literal do alemán ao español? Ben, en realidade o seu nome en alemán provén dunha tradución literal a esta lingua da primeira parte do nome desta cidade en latín: **Colonia Claudia Ara Agrippinensium**. Por que tiña este nome tan longo? Pois porque nela naceu Agripina a Menor, a esposa do emperador Claudio. Foi ela a que convenceu a Claudio en elevar o seu lugar de nacemento, e que antes era máis ben un campamento, á categoría de “Colonia de Claudio e Altar de Agripina”. Poderíase acusar aos xermanófonos de “deturpadores” toponímicos? Home, poder, visto o visto, está claro que se pode, pero sería máis ben ridículo. Pero é que, ademais, resulta que en dialecto *coloniense*, o nome é *Kölle*. E como se escribe en inglés ou en francés

o correspondente topónimo? Pois *Cologne*, aínda que se pronuncie de xeito diferente en cada unha desas dúas linguas.



A desmembramento do Imperio Austro-húngaro trala fin da Primeira Guerra Mundial deu moito xogo no ámbito dos cambios dos topónimos. Por exemplo, a moitos pode que lles estrañe que o topónimo Bratislava teña menos de 100 anos e unha historia curiosa, e que hoxe é o único oficial en Eslovaquia, novo país do que é capital a cidade con ese nome en eslovaco e que estivo a punto de chamarse *Wilsonova Mesto*, Ciudad Wilson, en honor a Woodrow Wilson, o presidente dos EEUU, aínda que xermanófonos e húngarófonos xa a denominaban desde había moito tempo, e así aparece en moitos libros e mapas anteriores a 1918, respectivamente, como *Pressburg* e *Pozsony*. En Romanía merece mención especial a cidade hoxe coñecida en romanés, e en español, coma Satu Mare, topónimo existente só desde 1925, e que é unha derivación un tanto libre, do anterior topónimo que, á súa vez, era unha transcripción/adaptación fonética do topónimo en húngaro, Szatmár, que proviña, á súa vez, do nome dun guerreiro húngaro do século X de nome Zotmar. Por que aconteceu isto? Pois porque a unha boa parte dos romenófonos apeteceulles. E así poderíamos seguir citando xa no decenas, senón cintos de exemplos a cada cal máis curioso.

En España tamén existen algúns topónimos cunha curiosa historia. O municipio granadino hoxe coñecido como Valderrubio, anteriormente era nada menos que Asquerosa, co cal aos seus habitantes adxudicáballeles o nada agradable, aínda que certamente sonoro e difícil de esquecer, xentilicio de *asquerosos*. Segundo algúns, o topónimo Asquerosa debíase a que en tempos da presenza romana na Península, a aldea alí situada chamábase *Aquae Rosae*, que derivou co tempo a Asquerosa, nome co que se coñecía á localidade cando nela viviu Federico García Lorca. Aínda que, segundo un estudo de Manuel Ángel Ruiz, o topónimo Asquerosa ten outra orixe, con moitas “etapas” intermedias, relacionado coa prolongada dominación musulmana de aquelas terras. Incluso ao final do primeiro terzo do século XX a piques estivo de denominarse María Cristina. O seu nome actual, Valderrubio, instituíuse a petición maioritaria dos seus vecinos.

En Galicia aínda ninguén se atreveu a soste que o topónimo actualmente oficial Fisterra é anterior ao agora oficialmente proscrito Finisterrre, pero... tempo ao tempo. E quede claro que se realmente os galegófonos, por evolución máis ou menos culta do orixinal en latín *Finisterrae*, prefiren chamarlle *Fisterra* a Finisterrre, pois adiante. Isto non prexudica a nonguén nos seus dereitos e liberdades. Algo parecido ocorre co topónimo en vasco Donostia, xa que a cidade que denomina foi fundada alá por 1180 nun documento redactado en latín no que se usa o topónimo *Sanctus Sebastianus* e que deu lugar a San Sebastián, sendo *Donostia* o resultado dunha longa evolución a partir de *Done Sebastiane*. Claro que nesto de aplicar a lei

do funil, os nacionalistas vascos son mestres aventaxados. Como teñen que evitar o “sacrilexio” de que Sabino Arana, o fundador do PNV, estea enterrado nun lugar cuxo nome é desde hai séculos unha palabra en español e tan castelá no seu día coma Pedernales, agora chámano, e desde hai ben pouco, *Sukarrieta*, porque *sukarri* en vasco é como se chama ao pedernal e literalmente significa pedra de lume e *-eta* é un sufixo locativo en vasco.

O caso é que en España xa superamos o primeiro estadio do disparate e fomos “progresando” ata chegar á aberración de que nos encontremos con que o único topónimo oficial nalgunhas partes de España é un topónimo correspondente a unha lingua non oficial neses territorios. Por exemplo, o caso de *Ourense* en Segovia; polo que os “orensanos” teñen deixado “oficialmente” de existir en España, aínda que a RAE os “conserva” no seu dicionario. Outro tanto cabe dicir dos ampurdaneses. Un viaxa a Bélxica e ve que onde a única lingua oficial é o francés, os únicos topónimos oficiais das localidades situadas en Flandres son en francés e, reciprocamente, onde a única lingua oficial é neerlandés, os únicos topónimos oficiais das cidades situadas en Valonia son en neerlandés. E que acontece na rexión de Bruxelas, onde ambas as dúas linguas son oficiais? Pois, efectivamente, son oficiais os topónimos en ambas as dúas linguas, porque non se consentiría outra cousa por parte dos discriminados lingüísticamente. En España vostede poderá ler, e non me parece mal se iso é útil a moitas persoas que circulan por ela, nalgunha autovía o topónimo, non oficial por certo, correspondente ao español Algeciras escrito en lingua árabe; pero a toda

custa tratan certas “autoridades” de eliminar calquera sinal onde figuren topónimos, nunha lingua oficial, como La Coruña ou Lérida, se ben en Cataluña, onde seguro que non queda xa rastro de “Lérida” nos sinais, pode que encontre a palabra Saragossa. Ah, a ditosa “lei do funil” da que xa falamos antes. Por certo, que o topónimo *Algeciras* ou Alxeciras debería provocar a hilaridade dos “antideturpadores” da mesma maneira que lla provocan outros topónimos “castelanizados”, xa que *Algeciras* ou Alxeciras deriva do topónimo árabe *Al-Yazira (al-Jadra)*, cuxa tradución literal ao español sería “La Isla/Península (Verde)”.

*O éxito deste experimento de enxeñería social dependerá da nosa capacidade de resistencia para ser cidadáns en lugar de “súbditos”; é dicir, de que grado de sumisión ao poder político exercido de xeito arbitrario e abusivo esteamos dispostos a soportar e tolerar.*

En Galicia xa estamos a piques de acadar o terceiro estadio do dislate “toponímico”, xa que o actual Goberno ven de publicar un borrador de Decreto que, de aprobarse neses termos, pretende que non se poidan utilizar topónimos en español que se refiran a Galicia en certos ámbitos privados correspondentes a actividades empresariais, ou no nome con que se inscriben fincas ou urbanizacións, inmobles en xeral, no Rexistro da Propiedade. Así mesmo intentarase estender esta restricción ao resto de España, de xeito que ninguén poderá rexistrar en España, por exemplo, unha urbaniza-

ción co nome de “La Coruña”. Porén, e facendo uso da consabida “lei do funil”, nos libros de Coñecemento do medio dos nenos galegos, si se usaran os topónimos do resto de España en galego, de maneira que aínda que o uso de Orense, La Coruña ou La Toja estará prohibido nos libros de texto en todo o territorio nacional, os alumnos galegos non aprenderán os nomes de moitos lugares de España en español, senón que só lles ensinarán topónimos do resto de España en galego, tales como Xetafe, Cidade Real, Alxeciras, Xaén, Xibraltar, río Douro, río Texo, etc. O éxito deste experimento de enxeñería social dependerá da nosa capacidade de resistencia para ser cidadáns en lugar de “súbditos”; é dicir, de que grado de sumisión ao poder político exercido de xeito arbitrario e abusivo esteamos dispostos a soportar e tolerar.

Desde a Xunta argumentase que se trata de protexer un patrimonio inmaterial, que esas palabras en galego desaparecerían se tivesen que “competir” coas palabras en español se estas non se prohibiesen. Tanto aos nacionalistas de Galicia como aos doutros lugares de España parece non importarlles que desaparezan palabras tan antigas como Vizcaya, La Coruña ou Gerona. Tal vez do que se trata, ademais de facer enxeñería social connosco, é de borrar todo vestixio de que o español hai moito tempo que se usa por parte dos seus habitantes, xunto coas linguas cooficiais, nos territorios nos que estas se falan. ●

Aos nacionalistas de todos os partidos.